

PEZA DO MES

novembro

2014



FOTOGRAFÍA: XARDÍN DO POSÍO

Fotografía: Xardín do Posío

«Algún día
se pondrá el tiempo amarillo
sobre mi fotografía»

Miguel Hernández

«¿Fué acaso en los días del rey Luis de Francia,
sol con corte de astros en campo de azul,
o cuando las noches llenó de fragancia
la grande y hermosa rosa Pompadour?»

Vicente M. Risco

Fotografía e pasado

Hai algúns anos comezou o fenómeno do espectacular aumento das edicións de libros de fotos, feito sen dúbida ligado ao auxe das novas tecnoloxías. O paso da fotografía analóxica á fotografía dixital, con enormes vantaxes técnicas e económicas, non só fixo universal a toma de «instantáneas», senón que propiciou a dixitalización de numerosas coleccións e arquivos de fotografías do pasado.

Así asistimos cada ano á progresiva publicación de libros sobre fotografías, algúns de temática xeral e ampla, exemplarmente editados, como por exemplo o *Diccionario de fotógrafos españoles. Del siglo XIX al siglo XXI de la Fábrica* (2014), *Fotografía. Toda la historia* de Blume (2013), *España a través de la fotografía. 1839-2010* de Mapfre - Taurus, a máis das coitadas edicións de Taschen, Lunberg, Phaidon, etc. sobre os grandes mestres (Capa, Newton, Reuter, Robison, Abbe, Salgado...).

Con temática referente a Galicia xa tiñamos os antecedentes de publicacións como a realizada sobre Pintos (1881-1967) (Pontevedra, 1985) ou as series de *La Región* denominadas *Ourense na lembranza* e *Ourense no tempo*, patrocinadas polo Concello de Ourense, Unión Fenosa, Deputación e Xunta, hai poucos anos.

Entre os recentes libros clave que tratan de Ourense hai que sinalar e destacar a magnífica publicación de Salgado Sánchez *Achegamento á historia da fotografía en Ourense. 1856-1940*, da Deputación de Ourense (2011), froito en parte de que a inicios do 2010 aparece na cidade o Arquivo Visual Ourensán (AVO) co «*objetivo principal de colaborar en la recuperación del fondo fotográfico de la ciudad*».

Tamén son coñecidas de todos as numerosas pescudas e investigacións de Canal Suárez e M. Sendón (CEF, Vigo).

A iso hai que engadir a recente presenza de dous volumes: *O pasado nunca pasa. Ourense* (2014) e *O Pasado nunca pasa. Santiago de Compostela* (2012) editados por Teófilo Piñeiro, e de *Aquella Celanova* de Flashback Ed. (2014); libros todos eles con escollidas tomas de antano, pero a nivel máis restrinxido e local. Hai que destacar a maiores, dentro desta corrente case masiva pola fotografía, a celebración dos festivais de fotografía moi numerosos tanto a nivel español como mundial. Na mesma cidade rematou hai pouco o I Maratón Fotográfico *Cidade de Ourense*, seguindo esta tendencia.

Finalmente, polo que atinxe ao fenómeno visual que relatamos, *La Región*, repetindo tempos pasados, comezou o 13 de xullo deste ano, a edición dunha colección de 65 láminas fotográficas, que evocan, con 3 entregas semanais, o pasado da cidade e da provincia. E nestes meses outonais estamos a celebrar a 32ª edición do «Outono Fotográfico».

Os Pacheco

Da peza do mes, positivo sobre papel «Valca» de 18,5 x 11,5 cm, con marxe branca de 1 mm, reproducindo a fonte de El Bosque no Xardín do Posío, descoñecemos a data exacta de ingreso no Museo, así como o seu doador e mesmo a data na que foi tomada. Polo tipo de vexetación, indumentaria do neno, que se asoma ao peitoril da fonte e data do seu traslado calculamos a súa toma entre 1950 e 1968.

Só está clara a súa autoría: «A. Pacheco» (sinatura no ángulo superior dereito).

Os Pacheco forman unha das sagas máis importantes de fotógrafos de Galicia. A súa orixe é lusitana, xa que tanto José de Sousa Guedes Pacheco como o seu irmán menor Jaime nacen en Freixido de Espada á Cinta, en Tras Os Montes.

Jaime (Pacheco) nace en 1878 e trasládase a Ourense en 1892. Aquí relaciónase co fotógrafo José Gil (1870-1937), co que se asocia, creando estudo en 1899. Ao final este estudo trasládase á rúa por excelencia dos fotógrafos, a rúa de Alba, ao n.º 18. De 1900 a 1905 dedícase ao cinematógrafo itinerante por Celanova, Verín, Braga, Porto e Lisboa. En 1905 trasládase a Vigo. Alí asóciase, en 1907, coa viúva do fotógrafo Filippo Prosperi, Cándida Otero (1915), coa que funda «Fotografías Pacheco». O seu labor, xunto coa dos seus fillos Jaime e Alberto e os seus sobriños, fan da súa obra un dos fitos cruciais da fotografía galega. Foi correspondente de múltiples

publicacións periódicas e sobre todo de *El Pueblo Gallego*. O seu arquivo, dende 1991 propiedade do Concello de Vigo, contén máis de 120.000 fotografías («Arquivo Pacheco»). De escoller algunha delas sería a clásica de Castelao (Ca. 1920).

José Pacheco, o maior, nace en 1862 e chega a España en 1879. Despois de varias asociacións (por ex. con Uxío Mora en Progreso), inicia o seu traballo nos arredores de Ourense e na provincia. Casou con Julia Bautista e nacen tres fillos: Olga (1897), José (1902) e Julio Augusto (1908). É en 1899 cando se establece só na rúa de Alba n.º 9.

O autor da nosa fotografía é Julio Augusto Bautista Pacheco, que traballa en Alba dende 1925, sobre todo como retocador. Os seus amigos eran Cimadevila, Lorenzo, Carlos Velo e Xocas, reuníndose con frecuencia na rúa da Paz n.º 30, xurdindo numerosos proxectos, mesmo cinematográficos.

En 1929 entra en quintas Augusto e realiza o servizo como soldado de cotas. É mobilizado o 27 de xullo de 1936 e vai á fronte de Asturias. En 1938 volve a Ourense e casa. Cando en 1947 se retira seu pai José el segue no estudo de Alba, usando os panos herdados do estudo paterno. Realiza un rueiro de Ourense nos anos 60 no que inclúe fotos de seu pai (de aquí pode ser a peza que nos ocupa). A finais dos 80 pecha Fotografía Pacheco.

Hoxe en día gran parte deste Arquivo Pacheco encóntrase no Museo Etnográfico de Ribadavia (MER), a máis doutros elementos dispersos no MAPO, AMO...

Outros fotógrafos

Outras figuras relevantes serían: a saga dos Ernesto Schreck (3 xeracións dende 1922); a iniciada por Leopoldo Iglesias López (Villar), tamén con 3 xeracións (dende 1920); as dos *minuteiros*: os Sanjurjo, os Mazaira; etc; etc.

Lugar destacado merece o abulense Luis Casado Fernández (Ksado) (1888 -1972), cuxo arquivo pertence hoxe ao Centro Galego da Fotografía dende 2011.

Fontes de Ourense

Entremos agora no contido da fotografía. Na fonte. As fontes principais do Ourense antigo (Olga Gallego) eran: fóra dos seus muros a Fonte do Monte (1224), a Fonte dos Canos (1592) e a Fonte Nova ou Fonte do León (1578). Próximas a súa cerca ou as súas portas ou no seu interior: Fonte do Posío (1205), Fonte da Porta da Aira (1586), Fonte do Vilar (1441),

as Fontes das Burgas (1512), Fonte Arcada (1223), Fonte dos Coiros (1595), a segunda Fonte Nova ou Fonte da Praza das Olas (1754) e a Fonte do Bispo (1255), xa Fonte do Rei en 1616. (Indicáronse en parénteses o ano da súa primeira cita documental). «*Con la canalización del agua del R. Loña (...) estas fuentes fueron perdiendo interés, desapareciendo la mayoría de ellas (...)*». En 1856 o Concello nomeou unha comisión informativa que se ocupase da futura canalización. Pero as obras non se poxan ata 1882, e é inaugurada a primeira canalización o 27 de xuño de 1887, con fontes na Praza do Corredor, no Progreso e na rúa Pereira.

As desamortizacións (a de José I en 1809, a de 1812, etc. máis a de Mendizábal en 1835 disolvendo as ordes relixiosas e a Lei desamortizadora xeral de 1855) foron estudadas nos seus aspectos económicos e sociais polo grupo de Vicens-Vives (1959) e polo de Tomás y Valiente (1983) a nivel do Estado e a nivel galego, nas súas facetas sociais, económicas e patrimoniais por múltiples autores (Otero Pedrayo, 1955; De Sá Bravo, 1972; Rodríguez-Galdo, 1986; Barriocanal e Fariña Busto, 1989; Fariña Busto, 1994 e 2002; Fraga Sampedro e Fariña Busto, 2000; Sánchez García, 2006; etc, etc.).

As súas profundas repercusións en Galicia foron valoradas de formas moi encontradas; pero parece ser que conduciron (tratando de modernizar a propiedade da terra e remediar a crebra da Facenda pública e da súa débeda) a un incremento dos problemas dos foros, a un aumento da xa existente emigración definitiva a Latinoamérica, da emigración temporal («ás seiturias») e a complicarse nas liortas das Guerras Carlistas.

Un efecto positivo foi a creación da Lei de bens nacionais en 1837 e en 1844 co goberno de Narváez das Comisións Provinciais de Monumentos Históricos e Artísticos que salvaron o salvable de arquivos, bibliotecas e obxectos de arte.

Os edificios dos mosteiros foron expoliados polo pobo. As fontes que se trasladaron a Ourense dende Santo Estevo e Oseira foron catro:

De Ribas do Sil dúas:

A da praza do Ferro, barroca, que estaba nun dos claustros, cuxo traslado se dispón en 1856 en acordo municipal. É instalada polo mestre carpinteiro Manuel Varela. Realizouna Alonso Rodríguez en 1613, sendo abade frei Juan Muñoz e frei Fernando de Amescua. A súa última restauración é de 1992. Hoxe en día

fáltalle a coroa que remataba sobre dúas as aguias imperiais.

Talvez sexa tamén de Santo Estevo a actual da Praza das Mercedes (acta do Concello de 1895 referente á súa instalación) (Hervella Vázquez, 2011).

De Oseira son outras dúas:

A do Parque de San Lázaro, levada alí en 1845, e hoxe embutida e mutilada (remodelouse en 1967 e 1983).

A outra fonte de Oseira é a da fotografía de Pacheco, a hoxe denominada Fonte da Praza de Galicia ou Fonte dos Xardíns do Bispo Cesáreo.

A Fonte do Bispo Cesáreo

Colocada no centro do Patio dos Pináculos, talvez foi construída ou reformada tal como a coñecemos no XVIII, xa que do abade 104, Nicolás Cano, se di: «*Trájose la fuente del claustro grande del dormitorio, limpiáronse todas las piezas de que se componía, hicierónse para el pie y su árbol seis piezas de nuevo que se barrenaron por el centro para la expedición del agua*» (Yáñez Neira, 2004).

Mádoz (1849) di dela: «*En el centro del mismo claustro existe una fuente de admirable fábrica y 20 pies de elevación adonde sube el agua, la cual sale por 4 caricaturas y cañones de bronce a un primero y segundo pilón, cayendo enseguida en un estanque de figura octógona*».

A súa historia xa en Ourense non deixa de ser peregrina:

Situouse primeiro na Praza Maior (Praza de Constitución), onde se abastecía das augas sobrantes da segunda Fonte Nova da Praza do Trigo (Praza das Olas), que pola súa vez tomaba a auga da traída que baixaba da Fonte dos Canos. Pero como as raíces de cepas e árbores obstruían «los

encauces rebentándolos impidiendo la llegada del agua a la fuente (...)» decídese en 1859 trasladala ao Bosque do Posío. Alí estivo cento once anos. E alí fixo a súa foto Pacheco.

O 4 de febreiro de 1969 prodúcese o arquiñoecido debate para trasladar a estatua de «Santa Concepción Arenal» (como a chamou Manuel Machado) á Praza de D. Bosco. O monumento de Concepción Arenal estaba instalado dende 1896 e constaba da estatua en bronce de Aniceto Marinas sobre un pedestal de granito e mármore, así como o enreixado circundante, deseñados por Parada Justel (1898) (Lorenzo Rumbao, 1991).

Na madrugada do 5 de febreiro realízase o «*traslucido*» clandestinamente e así a estatua perde o seu pedestal e o enreixado vai á Barreira. No seu lugar colócase a nosa fonte en estado de abandono no Posío, onde se inaugura o 17 de marzo de 1970 con gran boato político, popular e musical.

A fonte (rococó?) é de granito, moi elegante, colocada sobre unha plataforma elevada circular, con noiro anular plantado de rosas, con catro escalinatas. A base é cadrada con semicírculos mediais. No centro o esvelto chafariz ten tres cuncas. Destacan as figuras dos rostros que manan polos canos das súas bocas.

Só foi afeada (2013-2014), pola desidia do goberno do Concello, con silicona branca na súa base para evitar as fugas de auga. Denunciado o feito, suprimiuse o branco ofensivo; pero segue sen solucionarse a perda de auga. A fonte «*digna de los palacios de Versalles*», para Risco, merece mellor trato.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Vicente Rodríguez Gracia

FOTOGRAFÍA: Fondo Arquivo Fotográfico do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 







XUNTA DE GALICIA